

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **2 de agosto de 2013**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Paz Abreira Sobrado
- Polo Grupo Municipal do PP; don Antonio Ameijide
- Pola Intervención Xeral; don Xosé Manuel Cao Rei
- Polo Servizo de Contratación; dona Ana I. Sáez Mancebo, actuando como Secretaria.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 29 de xullo de 2013.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Oficina Plan Urban

- Para obras do proxecto de instalación de ventá arqueolóxica en Doutor Castro, por importe de 32.857,28 euros.
- Para a coordinación da seguridade e saúde das obras para o proxecto de instalación ventana arqueolóxica na rúa Doutor Castro, por importe de 506,16 euros.
- Para tratamentos de conservación do mosaico na rúa Doutor Castro para a instalación dunha ventá arqueolóxica, por importe de 1.986,82 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Educación

- Para a compra de uniformes para o persoal da escola infantil municipal Gregorio Sanz, por importe de 569,36 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Policía Local

- Para a instalación de equipos e servizos de comunicacións para a policía local, por importe de 5.765,55 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Bombeiros

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 2-08-2013.doc

Asunto:

- Para reparación de detector de gases, substituir sensores de osíxeno e CO/H₂S, por importe de 308,24 euros.
- Para mantemento de equipos marca draguer, por importe de 6.862,68 euros.
- Para reparación de equipos de protección respiratoria (materiais a substituir), por importe de 5.386,30 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Deportes

- Para a adquisición de diverso material de reposición e mantemento nas distintas pistas polideportivas e pavillóns, por importe de 6.000 euros.
- Para a adquisición de abonos, fertilizantes, herbicidas, algicidas, cloro etc... para o mantemento do céspede das distintas instalacións: campos de fútbol, entorno piscinas de Frigsa e Pedreiras, etc...., por importe de 6.000 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Cultura

- Para a realización de programa de verán: "Móvetes en Lugo", por importe de 8.995,34 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, pero non obstante solicítase informe xustificativo da falta de tramitación en prazo de parte das actividades.

O PP abstense por entender que tiña que haber vido con prazo suficiente para ditaminar.

- De Infraestructuras e zona rural

- Para a coordinación da seguridade e saúde na obra: Rexeneración de firmes na estrada de Argonde a Vilachá, por importe de 719,95 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

3.- Facturas para ditame

3.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:20 horas no lugar sinalado no encabezamento.